



Facultade de Filoloxía

MEMORIA

ANO 2013

SUMARIO

A. Mudanza da equipa de goberno

B. Accións desenvolvidas para a garantía de calidade nas titulacións impartidas no centro

1. Plano de acción titorial (PAT)
2. Aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SIGIC)
3. Outras actividades desenvolvidas

C. Accións relativas ás infraestruturas e servizos

1. Adquisición de material informático
2. Adquisición de material de audio, vídeo e comunicación
3. Adquisición de mobilia
4. Actuacións xerais
5. Actuacións desenvolvidas polos servizos centrais

D. Accións desenvolvidas no ámbito da extensión universitaria

1. Actividades organizadas pola comisión
 - 1.1. Premio literario
 - 1.2. Letras Galegas
 - 1.3. Despedida
 - 1.4. Magosto
2. Actividades organizadas polo profesorado
3. Outras actividades

E. Actividades levadas a cabo no ámbito do servizo de biblioteca

1. Fondos
2. Persoas usuarias
3. Persoal
4. Instalacións e equipamentos
5. Tarefas desenvolvidas na biblioteca
 - 5.1. Traballo técnico
 - 5.2. Formación
 - 5.3. Outras actividades

F. Mobilidade e internacionalización

1. Visitas de profesorado doutras universidades
2. Profesorado participante da facultade
3. Alumnado implicado nos programas
4. Convenios asinados

A. MUDANZA DA EQUIPA DE GOBERNO

Como produto do proceso electoral desenvolvido en marzo e abril de 2013, a equipa decanal mudou a súa composición. A Xunta de Facultade extraordinaria celebrada o día 3 deste último mes decidiu por votación, cun total de 51 votos afirmativos, 7 en branco e 1 nulo sobre un censo de 80 persoas, apoiar a candidatura presentada pola profesora María Jesús Lorenzo Modia. Así as cousas, a configuración da equipa de goberno ficou como segue:

Decana: María Jesús Lorenzo Modia
 Vicedecano: Félix Córdoba Rodríguez
 Vicedecana: María Jesús Cabarcos Traseira
 Vicedecano: Xoán Luís López Viñas
 Secretario: Xosé Manuel Sánchez Rei

B. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA A GARANTÍA DE CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

As actividades relacionadas coa xestión e co acompañamento dos procesos relativos á calidade e ao seguimento das titulacións ofertadas na Facultade de Filoloxía tiveron os seguintes eixos de actuación: (1) Plano de Acción Titorial, (2) Aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade e (3) Outras actividades desenvolvidas.

1. Plano de acción titorial (PAT)

A implantación do PAT na Facultade de Filoloxía comeza no ano 2007 coa participación do profesorado que leccionaba aulas no primeiro curso. Desde entón, o PAT do centro atendeu progresivamente cada ano académico un número maior de estudantes, xa que, ao lado do acompañamento daquel alumnado pertencente ás licenciaturas que participou no PAT pola primeira vez nese curso 2007-2008, foi atribuído titor ou titora a todo o estudiantado de novo ingreso, quer nas licenciaturas xa referidas (con docencia e asignación de titor/a até ao curso 2012-2013), quer nos tres graos ministrados desde o ano académico 2009-2010 na Facultade: *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*.

Ao mesmo tempo, tamén desde ese ano 2009-2010, o PAT envolveu o alumnado que se matriculou nos diversos mestrados do centro ao longo dos últimos tempos, en parceria ou non con outras institucións académicas: *Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións* (MLA), *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais* (MULUP) e *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD). No ano 2012-2013, o PAT continuou a ser unha ferramenta estratéxica para acompañar o estudiantado matriculado nas titulacións de posgrao, de forma que a todo o alumnado dos mestrados lle foi asignado un titor ou unha titora; no comezo do curso 2013-2014, tamén se incorporaron ao PAT o *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (MIEIAA), ben como o *Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada* (MILA).

Todo este proceso de asesoramento do estudantado tivo como principais consecuencias as seguintes: en primeiro lugar, o Plano de Acción Titorial conseguiu abranxer todo o alumnado da facultade xa desde o ano 2010, isto é, todo aquel que se matriculou nas titulacións do centro. E en segundo lugar, derivado da implantación progresiva dos catro cursos de cada grao e dos diversos mestrados, o número de docentes que participa no PAT acrecentouse notoriamente, pois de 37 persoas no curso académico 2011-2012 pasouse para a cifra de 43 no ano 2012-2013. Isto permite reflectirmos na progresiva tomada de consciencia da relevancia do PAT, constatábel nese importante incremento do profesorado que se involucrou no programa. Por último, vira preciso deixarmos constancia de que a proposta do Plano de Acción Titorial 2013-2014 foi aprobada en Xunta de Facultade na sesión do día 24.07.2013.

2. Aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SIGIC)

Para a realización do proceso seguimento das titulacións ofertadas no centro (graos e mestrados), a Unidade Técnica de Calidade (UTC) habilitou en febreiro de 2010 unha aplicación informática deseñada para almacenar, xerir e xerar toda a documentación vinculada aos procesos de implantación dos Sistemas de Garantía Interno de Calidade (SGIC). Desde entón, a ferramenta foi sofrendo algunhas modificacións e actualizacións, froito da experiencia e do labor colaborativo das persoas que foron responsábeis de calidade nos diferentes centros da UDC (xa como vicedecanas ou vicedecanas desde o mes de xuño de 2012).

No desenvolvemento do proceso de seguimento dos títulos, a Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías organizou durante o ano 2013 varias reunións explicativas co persoal de calidade dos centros, ás cales asistiu sempre o vicedecano responsábel da calidade e/ou algún membro da equipa decanal. Canto ao número de encontros mantidos pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía (CEC), convén sinalarmos que se reuniu durante o ano 2013 en tres ocasións (18 de xuño, 9, de novembro e 12 de decembro) para atender as funcións a ela atribuídas en relación co proceso de seguimento das titulacións leccionadas no centro. A respecto disto último (seguimento dos títulos do último curso 2011-2012), a CEC, na súa reunión do día 18 de xuño, aprobou as alegacións presentadas aos informes provisorios do seguimento do *Grao de Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*, recibidos o día 11 de xuño desde a ACSUG; en tales informes, aínda que a valorización xeral era “Conforme”, detectouse algún “Non conforme” en determinadas seccións do documento, as cales foron debidamente contestadas nas citadas alegacións.

Ao mesmo tempo, a equipa decanal presentou os rascuños do seguimento das titulacións da facultade para o ano 2012-2013 (*Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*, *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade*) na reunión da CEC do día 10.12.2013. Porén, dado o seu carácter provisorio debido a que a UTC aínda non dispuña duns datos que tiña de ter enviados, non puideron ser aprobados nese encontro e tiveron de ser refrendados pola Xunta de Facultade na sesión do día 18.12.2013.

Relativamente ás propostas de mellora no marco do seguimento das titulacións, traballouse en varias liñas, comezando novas iniciativas ou completando outras xa existentes de anos anteriores:

- a) Actualización das Xornadas de Acollida destinadas ao estudiantado de novo ingreso.
- b) Aprobación dos criterios para a selección e publicación dos TFG no RUC
- c) Concorrenza dos tres mestrados á Convocatoria de Mellora e Internacionalización da Oferta Académica da Universidade da Coruña.
- d) Desdoblamento dalgún grupo, nomeadamente na titulación *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, co obxectivo de mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.
- e) Divulgación na maior parte dos centros de ensino secundario do país, e nomeadamente dos da comarca, das titulacións leccionadas na Facultade, ben a través de visitas realizada a eses liceos, ben mediante o envío de información e materiais ou até a través do correo electrónico.
- f) Dotación e actualización de novas salas con equipamento multimedia e renovación de materiais (*vid. infra*).
- g) Elaboración das Guías Docentes para os TFG e TFM.
- h) Elaboración dun tríptico destinado a estudantes de bacharelato e de graos en que se informa das titulacións (graos e mestrados) que se ofertan no centro.
- i) Estudo da posibilidade, conxuntamente cos departamentos, de desenvolver un “Curso 0” para o alumnado de novo ingreso nos graos durante o primeiro cuadrimestre.
- l) Estudo da posibilidade de organizar un grupo específico para aquel alumnado de novo ingreso que puider presentar algún tipo de dificultade coa materia “Lingua Inglesa 1”.
- m) Fortalecemento da distribución, no primeiro curso, dun grupo específico (D) para aquelas persoas que se matricularen fóra dos prazos iniciais, en harmonía coa recomendación da ACSUG, en que tal proceder foi epigrafiado como “boas prácticas”.
- n) Promoción das titulacións ministradas na Facultade en universidades estranxeiras, nomeadamente en Polonia (Adam Mickiewicz, Gdansk, Jagiellonian) e en Portugal (Universidade do Minho).
- ñ) Sinatura de convenios con institucións estranxeiras (Gdansk, Polonia; Minho, Portugal; etc.) para o recoñecemento da dupla titulación nalgúns mestrados ofertados no centro.

Igualmente, par dar cumprimento ao PA03 do SGIC (Procedementode Apoio 03: satisfacción, expectativas e necesidades) foron xestionados osinquéritos de satisfaccióndo PDI, PAS e alumnado do centro correspondentesao ano 2012-2013, en harmonía coas indicaciónsda UTC (<http://enquisas.sic.udc.es>). Os resultados foron analizados pola CEC, que os considerou en xeral satisfactorios, tanto polos datos obtidos canto polo nivel de participación, pois incrementouse a respecto de convocatorias anteriores; desa análise depréndense as seguintes conclusións:

- a) canto ao profesorado, 9 persoas de 27 preencheron os inquéritos para o MLCD; para o Grao de Español, foron cubertos por 29 sobre un total de 62; nocaso do Grao de Galego e Portugués, houbo 30 persoas que os

preencheron dun total de 59; e para o Grao de Inglés participaron 29 dun conxunto de 66. Así pois, no PDI os datos mantivéronse en 50%, pois os inquéritos feitos *online* tiveron de ser repetidos polo soporte en papel debido a motivos técnicos

b) no alumnado dos graos, o nivel de participación acrecentouse a respecto de anos anteriores: en primeiro curso rozouse 100% de participación, fronte a 10% de media do ano anterior; no Grao en Español, cubriron o inquérito 15 persoas de 16 (1º) e 9 de 15 (3º); no Grao en Galego e Portugués 4 de 4 (1º) e 5 de 5 (3º); e no Grao en Inglés 68 de 69 (1º) e 18 de 48 (3º).

c) no tocante ao PAS, participaron dez persoas de 15, o que supón unha notoria mellora a respecto de unha única persoa no ano anterior, cando se fixo *online*.

d) a mudanza para o soporte en papel parece ter favorecido a participación na realización dos inquéritos en xeral, sobre todo no alumnado de primeiro, de modo que se executou con grande satisfacción o “Plano de mellora do sistema de enquisas de satisfacción do SGIC”.

En último lugar, é preciso subliñar que foi aprobada a mudanza de composición da Comisión de Estratexia e Calidade debido ás normas chegadas desde a Reitoría.

3. Outras actividades desenvolvidas

Finalmente, dentro das medidas orientadas a proxectaren as titulacións ofertadas na facultade, vira necesario ponderarmos que tivo lugar un programa de radio o día 17.05.2013, emitido por unha coñecida cadea desde o propio centro, no cal participou a Sra. Decana para, entre outros temas, promocionar os estudos de grao e de mestrado.

C. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

Os edificios en que se acha a Facultade de Filoloxía consérvanse nunhas boas condicións e dispoñen dunhas modernas e adecuadas instalacións, o cal non obsta para que non se fagan necesarios determinados labores de actualización e de reparación neses ámbitos. Así pois, as actuacións levadas a cabo neste marco estiveron norteadas fundamentalmente polo principio de melloraren e modernizaren as infraestruturas xa existentes, ben como pola ansia de solucionaren algunhas eivas conxunturais que foron xurdindo e de arranxaren determinados desperfectos que foron aparecendo de maneira esporádica ao longo do ano. Para dar conta de todo isto, dispúxose dun orzamento de 18.080 €, correspondente á partida 625000 (moblaxe e equipamento). Ao mesmo tempo, para as reparacións de carácter ordinario relativas aos edificios, ás instalacións ou aos seus servizos, contouse cun total de 11.250 € se ben que na presente memoria unicamente se sinalarán aquelas actuacións máis relevantes desenvolvidas nese marco.

Canto ás liñas de traballo de que se ocupou a Comisión de Infraestruturas e Servizos (reunida nos días 27 de febreiro e 10 de outubro), hai que sinalar que tiveron os seguintes eixos básicos de operatividade: (1) Adquisición de material informático, (2) Adquisición de material de audio, vídeo e comunicación, (3) Adquisición de mobilia e (4) Actuacións de carácter xeral. A todo isto é preciso acrecentar determinadas accións desenvolvidas polos servizos centrais (5).

1. Adquisición de material informático

Entre as compras efectuadas ao longo do ano 2013, convén resaltarmos a adquisición dun computador para a nova sala de videoconferencia (2.12). Ao mesmo tempo, incorporáronse novas equipas informáticas para as salas 1.4 e 1.5.

2. Adquisición de material de audio, vídeo e comunicación

A respecto dos materiais audiovisuais e de comunicación, é preciso ponderamos que se instalou unha equipa informática e de son nas salas 1.4. e 1.5. A sala 2.12, por súa vez, foi acondicionada como nova sala de videoconferencia coa colaboración do Centro de Linguas. A sala 2.10 conta agora cunha equipa completa de audiovisuais, tamén en parceria co Centro de Linguas, ao paso que a sala 1.10 dispón dun novo proxector e duns altosfalantes. Por último, na sala 2.7 foi colocado un novo amplificador.

3. Adquisición de mobilia

Para persoas esquerdinas, foron compradas dúas cadeiras con mesa incorporada pensadas para alumnado con tales necesidades. Igualmente, adquiríronse uns bancos para as zonas comúns dos andares do edificio de gabinetes que aínda non contaban con eles. Tamén foron mercados uns secamáns suplementares para os baños situados en fronte á conserxaría, pois teñen bastante uso.

4. Actuacións xerais

Por outra parte, ao longo do ano foron levadas a cabo outras accións desenvolvidas nas instalacións do centro, especialmente en labores de manutención. Merecen ser salientados os seguintes:

- a) Arranxos levados a cabo no sistema de calefacción.
- b) Arranxos practicados en varias cubertas e caleiros.
- c) Campañas de desinsectación e desratización; a derradeira delas levouse a cabo no día 21 de decembro de 2013 por parte da empresa Andrade.
- d) Colocación de novas placas de sinalización, principalmente pensadas para a administración, a biblioteca e o edificio de gabinetes.
- e) Estudo das filtracións de humidade existentes no edificio e reparación delas, se fose o caso.
- f) Liberalización de diversos materiais, xa dados de baixa, que permanecen aínda nos armacéns do centro.
- g) Limpeza particular nas beirarrúas da facultade, o que foi solicitado á nova empresa responsábel deses labores (CLECE, SA).
- h) Redistribución da rede eléctrica na zona do Decanato.
- i) Reforzo dos traballos de limpeza en certas zonas do centro, o que foi solicitado á nova empresa encargada desas tarefas (CLECE, SA).
- l) Reorganización do uso dos taboleiros de cualificacións situados en fronte do Servizo de Reprografía.
- m) Reorganización, durante o período sen docencia das últimas Ferias de Nadal (decembro de 2013 – xaneiro de 2014), do horario de calefacción nas salas (andares 1 e 2) coa finalidade de aforrar enerxía e diñeiro.
- n) Reparación da pérgola no edificio principal.
- ñ) Reparación dun elevador da biblioteca, o cal foi costeado pola propia empresa responsábel.

- o) Revisión e manutención xerais do sistema eléctrico.
- p) Seguimento dalgunhas fendas detectadas no interior do edificio.

5. Actuacións desenvolvidas polos servizos centrais

En meados de agosto foron detectados uns desprendementos en dous puntos da fachada do edificio principal. Inmediatamente a zona foi acordada para evitar o acceso de persoas e en poucos días o Servizo de Arquitectura e Urbanismo xa os tiña reparados. Este mesmo servizo levou a cabo a revisión dunhas fendas que apareceron na fachada, mais, após seren revisadas, os responsábeis concluíron a sinalar que non constituían perigo ningún.

D. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía (CCEU) é consciente de que, para alén das actividades docentes, a vida académica abranxe necesariamente a organización de eventos culturais, investigadores e de transferencia do coñecemento. Estas accións serven non só para a socialización dos membros da comunidade universitaria, mais tamén como promoción da propia facultade e das titulacións que se leccionan nela. Por todo isto, após o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, a CCEU tentou apoiar todas as propostas que lle foron chegando desde os diversos sectores do centro e procurou manter todas aquelas iniciativas tradicionalmente organizadas pola facultade, aplicando os criterios utilizados nos últimos tempos. O orzamento de que dispuxo foi de 7000 € para o ano 2013 e celebrou dúas reunións (6 de febreiro e 19 de xullo).

Mais os actos organizados dentro do marco da extensión universitaria non se cinxiron unicamente ás actividades promovidas pola CCEU, pos é preciso facermos notar que unha notábel parte do profesorado coordinou ou dirixiu diversos eventos de singular suceso. Así, as principais epígrafes en que se poden catalogar todos eses labores son as seguintes: (1) Actividades organizadas pola CCEU, (2) Actividades coordinadas polo profesorado e (3) Outras actividades.

1. Actividades organizadas pola comisión

1.1. Premio literario

O primeiro acto que debe ser ponderado é o *Premio de Creación Literaria e Ensaio*. No marco deste, foron celebrados varios eventos eventos que se sinalan a seguir:

- a) Edición, publicación e distribución do *XIX Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2012.
- b) Edición, publicación e distribución de *Inéditos. Edición conmemorativa do XX Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2013.
- c) Convocatoria do *XX Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2013.
- d) Fallo público do XX Premio e recital, coa intervención da escritora María Reimóndez (30 de maio).

1.2. Letras Galegas

Outrosí, a carón do antecitado premio, está a Celebración do Día das Letras Galegas 2013, este ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño. As actividades que se levaron a cabo constaron dunha exposición dos materiais existentes na Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, en parcería coa Biblioteca (*vid. infra.*), que tivo lugar entre os días 13 e 17 de maio. Tamén se celebrou unha lectura de textos de Roberto Vidal Bolaño no día 15 de maio, en que participaron membros do PDI e alumnado.

1.3. Despedida

No día 21 de xuño, ás 18.00hh, tivo lugar o acto de despedida das promocións do *Grao en Español*, *Grao en Galego e Portugués* e *Grao en Inglés* na Aula Magna do centro. Interviñeron a Sra. Vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura da UDC, D^a María José López Martínez, e a Sra. Decana, D^a María Jesús Lorenzo Modia. Tamén houbo intervencións dos padriños e das madriñas dos tres graos, ben como de representantes do estudantado: D^a Nieves Pena Sueiro, D. Félix Córdoba Rodríguez, D. Maikel Chao Parapar e D. Manuel García Arrola (*Grao en Español*); D^a Laura Tato Fontañá, D. Xosé Ramón Freixeiro Mato, D^a Ánxela Lema París e D. Guillermo Rodicio Cimadevilla (*Grao en Galego e Portugués*); D^a María Frías Rudolph, D. Alan Floyd Moore, D^a Julia Gómez Vázquez e D. Cristian Penas Rubal (*Grao en Inglés*). O acto findou cun viño de honra ofrecido diante da Aula Magna.

1.4. Magosto

Finalmente, en colaboración cos Comités, o día 22 de novembro celebrouse na cafetería do centro a vixésima edición do Magosto da Facultade de Filoloxía, nun horario comprendido entre as 22.00hh. e as 02.00hh. da madrugada do día 23. Houbo unha notoria participación por parte do estudantado e desenvolvéronse varias actuacións artísticas a cargo da actriz Isabel Risco e dos grupos de música Banda Bolboreta e Lydia Botana.

2. Actividades organizadas polo profesorado

Son aquí incluídas as conferencias, congresos, xornadas etc. en que a organización correu fundamentalmente ao cargo do profesorado da facultade ou que tiveron lugar nas instalacións do centro. Entre tales actividades, cómpre lembrarmos as seguintes:

- a) Mesa redonda "Educación e cambio social: alternativas á crise actual" (26 de febreiro), organizada polas profesoras Begoña Simal González e Esperanza Morales López do dentro do marco *Xornadas de cambio social*.
- b) Ciclo *The Irish Itinerary 2013*. Conferencia a cargo de Rita Daffy, pintora irlandesa (día 23 de abril), celebrada na Sala Juanjo Gallo da Deputación da Coruña e organizada polo Instituto Amergin de Estudos Irlandeses.
- c) *I Seminario de Poesía e Pensamento: Poesía en Tempos de Miseria. Valente na memoria* (25 de abril), organizado polo Seminario Galego de Estudos Hispanoamericanos baixo a supervisión da profesora Eva Valcárcel.

- d)** Ciclo *The Irish Itinerary 2013*. Conferencia a cargo de Keith Ridgway, novelista dublinés (día 29 de abril), celebrada na Sala de Graos da Facultade de Filoloxía coa organización do Instituto Amergin de Estudos Irlandeses.
- e)** Charla-coloquio “Aspectos de la gramática de las preposiciones temporales”, a cargo del profesor Ignacio Bosque, da Universidade Complutense de Madrid (3 de maio), coordinado pola profesora Helena López Palma.
- f)** Ciclo *New Trends in English Studies*: conferencia “Language and Culture: Matrix, Virtual Reality and Science Fiction”, a cargo do profesor Hadrian Lankiewicz da Universidade de Gdansk, Polonia (10 de maio), organizada polo Grupo Investigación Cultura Literatura CLIN.
- g)** Conferencia “Novela policíaca, novela política”, impartida polo profesor José Colmeiro da Universidade de Auckland, Nova Celandia (5 de xuño), coordinada pola profesora Olivia Rodríguez González.
- h)** VI *Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras* (días 1-24 de xullo), organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.
- i)** Workshop *Humanidades digitales: enfoques y aplicaciones* (8-10 de xullo), dirixido pola profesora López Poza.
- l)** Congreso Internacional de Humanidades Digitales-Sociedad Internacional: *Humanidades digitales: desafíos, logros y perspectivas de futuro* (9-12 de xullo), coordinado pola profesora Sagrario López Poza.
- m)** 12th *Conference of AELFE (European Association of Languages for Specific Purposes/Asociación Europea de Linguas para Fins Específicos): Multilingüismo e TICS* (5-7 de setembro), organizado polo profesor Alan Floyd Moore.
- n)** Ciclo *New Trends in English Studies*: conferencia intitulada “Feminismo y Estudios Ingleses” impartida pola profesora Socorro Suárez Lafuente, da Universidade de Oviedo (27 de setembro), organizada polo Centro de Estudos Femininos e de Xénero da UDC e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galiza.
- ñ)** Conferencia “Grammatical and Lexical Features of Conversational English”, impartida polo profesor Roberto Valdeón, da Universidade de Oviedo (30 de setembro) e organizada polo Grupo Investigación Cultura Literatura CLIN.
- o)** Xornadas *Experiencias da mobilidade das mulleres na literatura: exilio, emigración, inmigración, alofonía...*, organizado por integrantes do Proxecto de Investigación *Ex-Sistere. A mobilidade das mulleres nas literaturas galega e irlandesa contemporáneas* e pola Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC (9 e 23 de outubro).
- p)** *A metodoloxía do traballo terminolóxico* (10 de outubro), organizado pola profesora María Dolores Sánchez Palomino.
- q)** *Expo Australia Galicia* (10 de outubro), inaugurada pola Embaixada de Australia no Estado español e coordinada polo profesor José Miguel Alonso Giráldez.
- r)** Ciclo *New Trends in English Studies*: conferencia intitulada “Victorian England through the looking glass”, impartida pola profesora Inés Praga Torrente (Doutora Honoris Causa National University o Ireland) (14 de outubro).

- s) *Iº Simposio Internacional Relex. Lexicografía Románica. Estado da Cuestión* (15-17 de outubro), coordinado pola profesora María Dolores Sánchez Palomino.
- t) *Encontro com os escritores Olavo Amaral e Cremildo Bahule* (16 de outubro), organizado polas profesoras Ana Gravata Ramos e Leticia Eirín García e o profesor Roberto Samartín López-Iglesias .
- u) *V Jornadas Internacionales de la Red Temática ‘Lengua y Ciencia’: La lengua de la ciencia y la historiografía* (29-31 outubro), orientadas polo profesor José Ignacio Pérez Pascual.
- v) Charla-Coloquio *Testimonio de Fatou: emigrante africana y musulmana* (12 de novembro), organizado pola profesora María Frías.
- x) *I Xornadas de Cine e Literatura Italianos* (18-22 de novembro), coa coordinación das profesoras María Dolores Sánchez Palomino, Emiliana Tucci e Gema Vallín Blanco.
- z) Workshop *Cronoloxía e periodización: a literatura galega do século XIX* (21 de novembro), organizado no ámbito Grupo de Investigación ILLA coa coordinación da profesora Teresa López Fernández.
- a’) *X Xornadas Lingua e Usos. Lingua e Teatro* (27, 28 e 29 de novembro), baixo a supervisión do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato (en calidade de director do Servizo de Normalización Lingüística da UDC).
- b’) Representación da obra teatral *A filla de Woody Allen*, a cargo da actriz Marián Bañobre (Compañía Ibuprofeno Teatro) e baixo a dirección de Santiago Cortegoso (28 de novembro), no marco das *X Xornadas Lingua e Usos*.
- c’) Ciclo *Caminhos da Literatura Portuguesa na Galiza*. Encontro na Facultade de Filoloxía coa escritora Golgona Anghel (26 de novembro), coa colaboración do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- d’) Ciclo *Caminhos da Literatura Portuguesa na Galiza*. Encontro na Facultade de Filoloxía coa escritora Susana Araújo (4 de decembro), coa colaboración do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- e’) Ciclo *Caminhos da Literatura Portuguesa na Galiza*. Encontro na Facultade de Filoloxía co escritor Rui Zink (10 de decembro), coa colaboración do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

3. Outras actividades

No ano 2013, finalmente, foron desenvolvidas diversas accións de acollida, orientación ao estudantado e promoción das titulacións, e, ao mesmo tempo, tamén se realizaron diversas visitas de centros de educación secundaria á Facultade. Todas estas proxeccións dan continuidade a aquelas que se levan realizando nos últimos anos: así, por exemplo, no día 24 de abril recibíuse unha visita do alumnado do IES Alfonso X, de Cambre, no marco da campaña da difusión das títulos; no seguinte mes, no día 8, celebráronse unhas xornadas de orientación laboral, intituladas “Profesións para filólogos”. Máis unha mostra de actividades destinadas a informaren o alumnado, por último, son as Xornadas de Acollida, desenvolvidas nos días 9, 11, 12, 16, 19 e 20 de setembro de 2013; actualizadas en relación coas celebradas noutros anos (*vid. supra*), foron orientadas preferencialmete ao

estudantado de novo ingreso nos Graos. Nestes medios, tivo lugar a presentación dos diferentes servizos, programas e oficinas da universidade (Centro de Linguas, Oficina de Cooperación e Voluntariado, Oficina de Igualdade de Xénero, Oficina de Medio Ambiente, Oficina de Relacións Internacionais, Plano de Acción Titorial, Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante, Servizo de Biblioteca, Servizo de Cultura, Servizo de Deportes e Servizo de Normalización Lingüística).

Relativamente aos programas de mobilidade, entre as actuacións desenvolvidas pola Oficina de Relacións Internacionais da UDC e a Comisión de Relacións Internacionais da Facultade de Filoxía, deuse publicidade ás tres convocatorias dos proxectos “Erasmus” e “Bilateral”. Igualmente, desenvolveuse unha “Sesión informativa do *Programa Tempo* (bolsas de mobilidade para estudantes, PDI e PAS)”, a cargo de Ana López Pampín (día 25 de novembro), da Oficina de Relacións Internacionais da UDC

Ao mesmo tempo, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía e o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, tivo lugar a resolución do *V Premio de Tradución ao galego de textos científico-técnicos* (14 de novembro).

E. ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ÁMBITO DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

A Comisión de Biblioteca dispuxo dun orzamento de 49598,62 € pertencentes á partida 62800, dos cales corresponderon á Facultade 26230€, 17971,04 € proviñeron dos departamentos e 5397,22 € corresponderon ao Centro de Linguas. Outrosí, tamén se contou coa suma de 20637 € procedentes doutras partidas. O funcionamento da biblioteca pode explicarse a partir das seguinte epígrafes: (1) Fondos, (2) Usuarios, (3) Persoal, (4) Instalacións e equipamentos e (5) Tarefas desenvolvidas na biblioteca

1. Fondos

No día 31 de decembro de 2013, a colección da biblioteca constaba de 104595 monografías en papel. Desa cifra, convén subliñarmos a incorporación de 3209 volumes de novo ingreso, dos cales 2135 chegaron a través da compra e 1074 mediante a doazón ou o intercambio. Canto ao fondo de publicacións periódicas, este é composto por 1212 títulos, dos cales 323 están abertos en formato papel e 889 fechados; algunhas revistas pasaron a soporte unicamente electrónico e non están computadas entre as abertas. Noutra orde de cousas, o material non libresco da biblioteca (cartaces, discos compactos, DVDs, fotografías etc.) chega á cifra de 2088.

2. Persoas usuarias

O volume de entradas na biblioteca durante o ano 2013 atinxiu a cifra de 75318 utentes.

3. Persoal

Durante o ano 2013 non se produciron mudanzas no persoal fixo da Biblioteca. Porén, nos meses de xaneiro a maio, contouse coa colaboración de dúas persoas

como bolseiras (estudantes do centro), que se ocuparon de diversas tarefas no sentido de axudaren o persoal existente na colocación, reordenación e inventario dos fondos bibliográficos.

Neste mesmo ano 2013 tamén se colaborou coa Fundación Paideia nos seus proxectos de emprego para a capacitación laboral de persoas con discapacidades físicas e/ou psíquicas; tal sinerxía permitiu que unha persoa traballase no servizo durante o mes de marzo.

4. Instalacións e equipamentos

Ao longo deste ano, leváronse a cabo algunhas actuacións destinadas a melloraren o servizo e os recursos existentes, das cales se fixo cargo a Facultade. Entre esas melloras, salientan as seguintes:

- a) Adquisición de pantallas maiores para os computadores existentes nos gabinetes de catalogación
- b) Colocación de dúas mesas na área de investigación.
- c) Colocación de dípticos de sinalización topográfica para as coleccións da biblioteca.
- d) Instalación dun punto de luz na rampa de acceso ao entrechán, no andar 0.
- e) Mudanzas na frecuencia do acendido das luces nos andares 1 e 2.

5. Tarefas desenvolvidas na biblioteca

5.1. Traballo técnico

A continuar a liña de anos anteriores, as tarefas máis salientábeis desenvolvidos polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- a) Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás titulacións impartidas no centro, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias leccionadas na facultade.
- b) Adquisición de obras de novo ingreso para os cursos de grao e para os mestrados.
- c) Creación no catálogo en liña da biblioteca das bibliografías recomendadas para as diferentes materias ministradas no centro.
- d) Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, quer por compra, quer por doazón ou intercambio.
- e) Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar do centro acondicionado para tal fin.
- f) Baleirado analítico de todos os artigos publicados polo profesorado da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca do centro.
- g) Baleirado dos artigos das seguintes publicacións na base de datos Dialnet: *Agália*, *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, *Cancionero General*, *Colóquio-Letras*, *Encrucillada*, *EstudosMindonienses* e *Troianalexandrina*.
- h) Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña que conteñen traballos publicados polo profesorado da facultade.
- i) Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.

- l) Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.
- m) Estudo da colección e, se necesario, traslado ao depósito dos volumes de monografías de escasa utilización.
- n) Realización inventario dos fondos existentes na biblioteca.

5.2. Formación

Entre as actividades desenvolvidas polo persoal da biblioteca cómpre salientarmos o curso de presentación do servizo ao alumnado de novo ingreso, organizado no marco das *Xornadas de Acollida* no mes de setembro (*vid. supra*). Tamén se impartiron varios seminarios específicos para o manexo de bases de datos e doutros recursos de fontes de información. Estas actividades estiveron penadas nomeadamente para esudantado dos últimos cursos de grao, dos mestrados e do doutoramento.

5.3. Outras actividades

No mes de marzo, o Servizo de Biblioteca colaborou coa Oficina de Igualdade de Xénero na realización das exposicións “Mulleres na Bibliotecas da UDC”, coa realización dos paineis sobre tres autoras: Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro e Virginia Woolf. Foron publicados o día 8 de marzo, “Día Internacional da Muller”.

Por outro lado, neste mesmo mes foi creada a páxina de Facebook da biblioteca, no cal se informa cada semana das novidades nas monografías e revistas que ingresan nos fondos. Tamén se dá conta de información xeral para o público usuario.

En abril, continuando a práctica dos últimos tempos e a coincidir coa celebración do “Día Internacional do Libro”, levouse a cabo a 6ª campaña de cesión de fondos da biblioteca aos seus utentes. Tratouse obras (i) non adquiridas, mais obtidas por cesión, doazón, intercambio ou xentileza persoal; (ii) existentes xa ou mesmo duplicadas na colección ou inclusive de escasa relevancia para os intereses do centro; e (iii) coa característica de que outras bibliotecas non estaban interesadas en os recibiren. A experiencia resultou un verdadeiro suceso.

Por outra parte, entre os días 13 e 17 do mes de maio, a coincidir coa celebración do “Día das Letras Galegas”, realizouse unha exposición sobre a figura homenaxeada neste ano, Roberto Vidal Bolaño, partindo dos materiais que se achán na Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor”. Nas mesmas dependencias da biblioteca, no día 15, tivo lugar unha lectura de textos do dramaturgo, posterior á intervención de Francisco Pillado, que dirixiu unhas palabras ao público asistente.

Finalmente, durante o mes de decembro, por causa do *Simposio Roberto Vidal Bolaño* celebrado no centro e na sede da Real Academia Galega no día 17.12.2013, a biblioteca colaborou nunha exposición realizada con diversos materiais procedentes dos fondos da Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor”.

F. MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña aposta firmemente nos programas que facilitan o intercambio de estudantes e de profesorado con outras institucións académicas. Boa proba disto é que se trata do centro que máis alumnado estranxeiro recibe de toda a UDC. A Comisión de Relacións Internacionais da facultade, presidida pola Vicedecana María Jesús Cabarcos Traseira, encarrégase de xestionar eses convenios e de asesorar o estudantado das titulacións ofertadas no centro que participa en tales convocatorias de internacionalización, ben como dos labores de acompañamento de estudantes provenientes do estranxeiro que veñen estudar connosco.

A mobilidade, xuntamente coa calidade da docencia e coa investigación, é considerada presentemente un dos alicerces do ensino universitario. Non se torna extraño, por tanto, que vire un dos un dos indicadores máis valorizados nas avaliacións das axencias públicas, do cal é plenamente consciente a Facultade de Filoloxía. Neste sentido, varios son os aspectos capaces de sintetizaren a proxección dese intercambio internacional, en harmonía cos programas xa existentes: Erasmus+, Erasmus Mundus, Leonardo da Vinci etc. (dispoñíbeis en <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/index.html>): (1) Visitas de profesorado doutras universidades, (2) Profesorado participante da facultade, (3) Alumnado implicado nos programas e (4) Convenios asinados.

1. Visitas de profesorado doutras universidades

Ao longo do ano 2013, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu as seguintes visitas:

Nome do profesor: Hadrian Aleksander Lankiewicz
 Institución académica: Uniwersytet Gdanski (Polonia)
 Datas: 06.05.2013–10.05.2013

Nome do profesor: Andreas Mueller
 Institución académica: University of Worcester (Reino Unido)
 Datas: 17.07.2013–19.07.2013

Nome do profesor: Marek Smoluk
 Institución académica: Uniwersytet Zielonogórski (Polonia)
 Datas: 06.05.2013–10.05.2013

2. Profesorado participante da facultade

No ámbito do mesmo programa, participaron en accións de mobilidade as seguintes profesoras do centro:

Nome da profesora: María Begoña Crespo García
 Institución académica: Masarykova Univerzita v Brne (República Checa)
 Datas: 30.06.2013–08.07.2013

Nome da profesora: María Jesús Lorenzo Modia
 Institución académica: Ateneum Szkola Wyzsza (Polonia) e Uniwersytet Gdanski (Polonia)
 Datas: 20.10.2013–26.10.2013

Nome da profesora: Isabel Sofía Moskowich-Spiegel Fandiño
 Institución académica: University of Liverpool (Reino Unido)
 Datas: 28.01.2013–31.01.2013

Nome da profesora: María Eva Valcárcel López
 Institución académica: Università degli Studi di Padova (Italia)
 Datas: 25.03.2013–02.04.2013

Nome da profesora: María Teresa López Fernández
 Institución académica: Università degli Studi di Padova (Italia)
 Datas: 13.11.2013–20.11.2013

3. Alumnado implicado nos programas

Tal como foi sinalado máis arriba, a Facultade de Filoloxía é o centro da Universidade da Coruña que máis estudantado estranxeiro recibe nas súas aulas, o que a converte sen dúbida nunha das referencias na internacionalización do alumando. En cifras, recibíronse 82 estudantes procedentes de diversos países europeos (Alemaña, Bélxica, Chipre, Finlandia, Franza, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romenia, Suecia, Turquía etc.). Por súa vez, 28 persoas da facultade decidiron involucrarse nestes programas de mobilidade e foron cursar unha parte dos seus estudos ás universidades con que existen tales acordos.

4. Convenios asinados

Finalmente, ao longo do ano 2013 foron renovados ou tramitados convenios con diferentes universidades que posibilitarán novas modalidades de intercambio: Aichi (Xapón), Bruxelas (Bélxica), Guadalajara (México), Kazán (Tatarstán / Federación Rusa), Minho (Portugal), San Diego (Estados Unidos), Zielonogórski (Polonia) etc.